

## O COMERCIO EXTERIOR DOS PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS

JOSÉ MANUEL BARREIRO FERNÁNDEZ

Departamento de Organización de Empresas  
Universidade de Santiago de Compostela

FERNANDO BARROS FORNOS

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Universidade de Santiago de Compostela

M<sup>a</sup> BEGOÑA BARREIRO FERNÁNDEZ

Diplomada en Ciencias Empresariais

Palabras clave: *Sector agroalimentario, Taxa de cobertura, Déficit comercial, Balanza agroalimentaria, Sector pesqueiro, Sector gandeiro, Sector cárnico, Sector lácteo.*

Key words: *Farming and nutritious sector, Cover rate, Trade deficit, Farming and nutritious balance, Fishing sector, Cattle sector, Meat industry sector, Lacteal sector.*

### Resumo

*Neste artigo analízase, para o período 88-92, a evolución do comercio exterior do sector agroalimentario galego. Estúdanse os dous compoñentes da Balanza Comercial, importacións e exportacións, identificando os produtos representativos de cada un deles, coa finalidade de determinar cales constitúen os piares básicos que sustentan a actuación no exterior desta parte do noso sector primario.*

### Abstract

*In this article we analyse, in the term 88-92, the evolution of foreign trade in the Galician farming and nutritious sector. Both constituents of the Trade Balance are studied: imports and exports, identifying the representative products of each of them, in order to determine which ones constitute the main support that holds the action in the foreign countries of this part of our primary sectors.*

### 1. INTRODUCCIÓN

É de sobra coñecida a transcendencia que, para a economía galega, representan os subsectores agrícola, gandeiro e pesqueiro; como referencia indicativa abonda con dicir que do conxunto das empresas industriais da nosa Comunidade Autónoma máis da quinta parte (o 23,23%)<sup>1</sup> son empresas transformadoras de produtos agropecuarios que, á súa vez, representan máis do 18% da totalidade dos empregos da industria galega e preto do 30% da nosa poboación activa está ocupada neste sector que ten una participación no PIB próxima ó 10%.

Dentro do sector agroalimentario, os dous subsectores máis representativos pola súa capacidade transformadora son o de transformados cárnicos e o das conservas de peixe.

O sector gandeiro tamén ten unha transcendencia especial en Galicia posto que practicamente a cuarta parte do censo vacúno nacional está na nosa Comunidade. Polo que se refire á produción de carne, Galicia producía en 1987<sup>2</sup> máis do 11% do total estatal de carne de bovino, o 5,45% da de porcino, o 14,75% da de ave

e a produción de ovos representaba máis do 13% do total español.

Polo que se refire ó sector de conservas de peixe hai que dicir que gran parte do emprego do sector industrial agroalimentario galego corresponde a esta actividade, o que nos da unha idea da relevancia que ten no conxunto da economía galega, ademais da tradición cara a este tipo de produción existente na nosa rexión.

A pesar da importación industrial destes dous subsectores agroalimentarios, non debe concluírse que o nivel de industrialización desta parte do noso sector primario sexa o óptimo (aínda existe unha gran carencia de infraestruturas productivas e comerciais que frean a súa competitividade), sinxelamente, queremos manifesta-las posibilidades que ofrece como elemento dinamizador da economía galega.

Desde a perspectiva anterior, o comercio exterior constitúe precisamente unha das principais alternativas dispoñibles para as empresas agroalimentarias galegas de cara a conseguí-las niveis de competitividade antes mencionados. Basicamente, podemos resumir en dous os factores que levan a estas empresas a actuar nos mercados exteriores:

a) Factores de empuxe do propio mercado local, tanto autonómico como nacional, que forzan ás empresas a amplialo seu marco xeográfico de actuación. Dentro deste grupo incluímos aspectos tales como as escasas posibilidades de crecemento no mercado doméstico, forte competencia, necesidade de dar saída ós excesos de produción, etc.

b) Factores de atracción dos mercados exteriores que favorecen a entrada dos nosos produtos agropecuarios. Inclúense aspectos tales como as altas taxas de crecemento de determinados mercados, boa acollida dos nosos produtos, etc.

Neste artigo estudiarémo-lo comportamento das correntes de importacións e exportacións de produtos agroalimentarios que se produciron en Galicia nos últimos anos, co obxecto de poder coñecer a situación do comercio exterior deste tipo de produtos e a súa futura evolución.

## **2. O SECTOR AGROALIMENTARIO**

Como se observa no Cadro 1<sup>3</sup>, o comportamento do sector agroalimentario galego, no que se refire ó seu comercio exterior, experimentou unha actuación uniforme nos últimos cinco anos. A súa evolución seguiu unha tendencia expansiva tanto no ámbito exportador coma no importador, aínda que, neste último, se observa unha lixera diminución que contribúe positivamente á redución do forte crecemento experimentado no déficit durante o ano 1991.

De acordo coas cifras facilitadas pola Dirección Xeral de Aduanas, o valor das importacións de produtos agrícolas realizadas por esta Comunidade en 1992<sup>4</sup> ascendeu a 108.456 millóns de pesetas, o que supón unha diminución de case un 3% respecto ó período anterior. O valor das exportacións, pola súa parte, quedou cifrado en 50.188 millóns de pesetas, un 13,15% máis ca en 1991. O déficit agrario ascendeu a 58.268 millóns de pesetas que significa unha redución do 13,31% con respecto a 1991. Todo iso deu lugar a unha mellora considerable na taxa de cobertura<sup>5</sup>, arredor de 7 puntos, situándose en 1992 nun 46,27%.

Trátase dun sector fortemente deficitario, como o pon de manifesto o feito de que, en tódolos anos considerados, o volume das importacións supera amplamente o dobre das exportacións, dando lugar a taxas de cobertura que en ningún caso alcanzan o 50%, é dicir, estamos nun sector no que as exportacións financian menos da metade das importacións; é, por tanto, un sector altamente dependente do exterior.

No que se refire á orixe e destino dos produtos agroalimentarios galegos, hai que buscalos principalmente nos países comunitarios, sobre todo na súa vertente exportadora, aproximadamente o 80% das nosas exportacións teñen o seu destino na CEE, destacando como principal cliente Portugal. Polo que se refire ás importacións, o Mercado Común abastece preto dun 30% das nosas compras ó exterior de produtos agroalimentarios.

En canto á distribución provincial, a provincia cunha maior participación no comercio exterior de produtos agroalimentarios é a de Pontevedra que representa máis do 60%,

	1988	1989	%	1990	%	1991	%	1992	%
Export.	31.658	35.495	12,12	38.654	8,89	44.354	14,75	50.188	13,15
Import.	85.242	86.717	1,73	91.967	6,05	111.569	21,31	108.456	-2,79
Déficit	53.584	51.222	-4,4	53.313	4,08	67.215	26,07	58.268	-13,31
Cobertura	37,14	40,93	10,20	42,03	2,68	39,75	-5,42	46,27	16,40

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia.

\* Comprende os capítulos 1 ó 24 do Arancel de Aduanas.

### Cadro 1

#### O COMERCIO EXTERIOR DO SECTOR AGROALIMENTARIO\* GALEGO (1988-1992)

(Cifras en millóns de pesetas)

seguida da Coruña cun 35%; Lugo e Ourense son as provincias menos dinámicas cun 2,5% e un 1,5%, respectivamente.

### 3. AS EXPORTACIÓNS DE PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS

O Cadro 2<sup>6</sup>, no que se recolle a distribución provincial e a súa estruturación por grupos de produtos das exportacións galegas durante 1992, evidencia o alto grao de concentración que presenta. Catro capítulos do arancel, os correspondentes a produtos enerxéticos, agrícolas, metálicos e material de transporte, representan máis do 70% das vendas ó exterior da nosa Comunidade.

O principal capítulo da exportación galega corresponde a material de transporte, cun 38% do total, poñendo de manifesto o peso específico que a multinacional francesa Citroën Hispania, S.A. ten no comercio exterior galego. O segundo capítulo exportador en orde de importancia constitúe, precisamente, o sector agroalimentario, que supón máis dun 18% do total, o que significa unha mellora con respecto ó ano anterior de máis dun punto.

Polo que se refire á distribución provincial das exportacións, vemos que é a provincia de Pontevedra a que presenta un maior dinamismo, practicamente o 60% das nosas exportacións

teñen a súa orixe na devandita provincia. Esta supremacía manténse, tamén, para os dous sectores punteiros da exportación galega, posto que máis do 95% do material de transporte exportado por Galicia procede de Pontevedra, circunstancia que se ve explicada polo emprazamento de Citroën na devandita provincia; e preto do 65% das nosas exportacións agroalimentarias proceden de empresas pontevedresas debido, sen dúbida, á actividade de Pescanova e outras firmas conserveiras importantes. En canto ó maior grao de significación do sector agroalimentario, é na provincia de Lugo onde se dá esta circunstancia<sup>7</sup> as exportacións deste tipo de produtos representan máis do 22% das exportacións provinciais totais.

Neste epígrafe analizaremos a composición das exportacións de produtos agroalimentarios, baseándonos para iso nos valores medios correspondentes ós anos 89, 90 e 91 ó non dispoñer das cifras do ano 92 dunha forma desagregada<sup>8</sup>.

No Cadro 3<sup>9</sup>ponse de manifesto que a estrutura da exportación agroalimentaria galega presenta dúas características definitivas:

- a) un elevado grao de concentración e
- b) a consolidación en produtos de alta tradición na nosa Comunidade: peixe, conservas e preparados.

*O comercio exterior dos produtos agroalimentarios galegos*

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL					
SECTOR	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
ENERXÉTICAS	18.958	0	8	127	19.093
NON ENERXÉTICAS	45.719	27.934	19.015	164.397	257.066
AGRÍCOLAS	10.421	6.170	1.448	32.149	50.188
MINERAIS	1.641	993	107	4.930	7.671
QUÍMICOS	2.824	4.286	157	3.296	10.564
TÉXTILES	5.482	9	406	850	6.747
PROD. METÁLICOS	10.280	11.415	216	2.586	24.497
MAQUINARIA	4.211				
MAT. TRANSPORTE	1.832	27	2.911	99.370	104.140
— Terrestre	133	27	2.911	84.581	87.652
— Outro material	1.699	0	0	14.789	16.488
MAT. DE PRECISIÓN	111	1	6	67	184
RESTO	8.918	4.532	13.329	15.927	42.707
TOTAL	64.677	27.934	10.023	164.524	276.159

**Cadro 2**

Fonte: Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

O COMERCIO DE EXPORTACIÓN EN GALICIA EN 1992

(En millóns de pesetas)

CAP./PDTO.	1989	1990	1991	MEDIA	% S/TOTAL EXPORT. AGR.	% S/TOTAL NACIONAL ANO 91
03 Peixes, crustáceos e moluscos	15.080	21.234	25.453	20.589	52	40,44
16 Preparados de peixes, crust. e moluscos	6.544	6.395	8.107	7.015	18	46,42
02 Cárnicos	3.738	5.731	6.036	5.168	13	27,80
04 Lácteos	6.461	1.520	1.274	3.085	8	8
TOTAL	31.823	34.880	40.870	35.857	91	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia.

**Cadro 3**

ESTRUCTURA DAS EXPORTACIÓNS AGROALIMENTARIAS GALEGAS

Con respecto á primeira característica, vemos que máis dun 90% da nosa Balanza Agroalimentaria está representada por catro capítulos do arancel (dun total de 24):

— *Peixes, crustáceos e moluscos* (52% do total) e *preparados de peixes, crustáceos e moluscos* (18%) son os capítulos dinamizadores do sector; entre ámbolos dous representan un 70% da exportación total e as súas taxas de crecemento interanuais están arredor do 20%. Por outro lado, as exportacións galegas de peixes crustáceos e moluscos representan máis do 40% das exportacións nacionais deste tipo de produtos, sendo a provincia de Pontevedra a que ten un maior peso relativo con máis do 80% destas exportacións. De maneira desagregada, dentro deste capítulo o maior volume ocúpao o peixe conxelado que, en 1991, supuxo máis de 10.000 millóns de pesetas, o que supón máis do 40%.

— Os outros dous capítulos en importancia son o *sector cárnico e o lácteo*, que constitúen o que poderíamos denominar sector gandeiro e representan aproximadamente o 20% das exportacións totais. O seu comportamento é moi desigual, mentres que o primeiro mantivo taxas de crecemento significativas (arredor dun 5%), o sector lácteo experimentou unha redución considerable nos últimos anos, a consecuencia da grave situación estrutural pola que atravesa así como polo proceso liberalizador iniciado como consecuencia da adhesión á CEE.

Dentro do sector cárnico o maior peso correspóndelle á carne de bovino fresca ou refrixerada, que en 1991 supuxo máis de 4.000 millóns de pesetas, o que representa máis do 70% do total do capítulo e preto do 50% do total nacional. Non obstante, as exportacións deste tipo de carne experimentaron unha forte redución tanto no ámbito nacional coma no galego; pola contra, obsérvase un forte crecemento nas exportacións de carne de porcino debido, en gran medida, ó levantamento da barreira sanitaria que supoñía a existencia de peste porcina africana en España. Trátase, por outro lado, dun sector no que existe unha estrutura empresarial moi concentrada; practicamente entre cinco empresas comercializan ó exterior preto dun 80% do total.

#### 4. ANÁLISE DAS IMPORTACIÓNS DE PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS

O Cadro 4<sup>10</sup> recolle a distribución provincial, agrupada por capítulos do arancel de aduanas, das importacións galegas en 1992. Ó igual ca no caso das exportacións, obsérvase un elevado grao de concentración na estrutura dos produtos que son adquiridos no exterior; máis do 75% das nosas importacións agrúpanse en tan só catro epígrafes do arancel: produtos enerxéticos, agrícolas, maquinaria e material de transporte.

O principal capítulo do comercio galego de importación é, precisamente, o sector agroalimentario, que supón case o 25% das importacións totais. Esta circunstancia pon de manifesto, como xa temos comentado, a dependencia exterior da nosa industria agroalimentaria. O segundo capítulo en orde de importancia correspóndelle ás importacións enerxéticas, que na súa práctica totalidade (96,25%) está integrada polas compras de petróleo efectuadas por Repsol Petróleo, S.A. a través da súa refinería da Coruña.

En canto á distribución provincial das nosas importacións, unha vez máis confírmase a provincia de Pontevedra como a máis representativa no comercio de importación galego: máis da metade (52%) das nosas importacións teñen o seu destino nesta provincia. Tamén, nas compras ó exterior de produtos agroalimentarios, ocupa o primeiro lugar esta provincia: máis do 60% das importacións galegas deste tipo de produtos teñen o seu destino na devandita provincia e, á súa vez, dentro do comercio de importación de Pontevedra o capítulo máis significativo é o dos produtos agroalimentarios: preto do 30% das importacións pontevedresas atópanse agrupadas no devandito capítulo.

Esta primacía do sector agropecuario desta provincia débese en boa medida á importación que neste sector teñen os peixes, crustáceos e moluscos e, en particular, a representatividade que no devandito subsector ten a empresa pontevedresa Pescanova, S.A.

Ó igual ca no caso das exportacións, o estudo do comercio de importación galego facémolo a partir de datos medios dos anos 89, 90 e 91 ó non dispoñer das cifras desagregadas para o ano 92<sup>11</sup>.

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL					
SECTOR	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
ENERXÉTICAS	89.163	889	6	2.575	92.633
NON ENERXÉTICAS	97.798	14.982	7.823	224.169	344.773
AGRÍCOLAS	40.062	1.296	624	66.473	108.456
MINERAIS	240	240	7	1.823	9.179
QUÍMICOS	4.280	1.712	1.240	16.027	23.260
TÉXTILES	17.152	330	1.550	5.103	24.135
PROD. METÁLICOS	7.930	913	856	11.083	20.782
MAQUINARIA	12.406	1.994	1.400	49.297	20.782
MAT. TRANSPORTE	2.597	562	746	58.945	65.097
— Terrestre	2.210	560	745	58.015	62.849
— Outro material	387	2	1	930	61.529
MAT. DE PRECISIÓN	1.757	11	35	2.035	3.838
RESTO	11.375	1.054	1.365	13.383	27.177
TOTAL	186.961	15.871	7.829	226.745	437.406

Fonte: Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

Cadro 4

O COMERCIO DE IMPORTACIÓN EN GALICIA EN 1992

(En millóns de pesetas)

O Cadro 5<sup>12</sup> pon de manifesto, como xa vimos para o comercio de exportación, o alto grao de concentración das compras ó exterior de produtos agroalimentarios; tan só cinco capítulos do arancel de aduanas representan o 90% das nosas importacións.

Á vista do cadro poderemos agrupa-los cinco capítulos en dous bloques:

a) Un primeiro bloque formado por cereais, sementes e subproductos da industria alimentaria, que teñen como característica común a de ser destinados a paliar-lo déficit estrutural da nosa agricultura. Gran parte destes produtos van destinados á alimentación animal polo que a súa evolución está moi relacionada coa do gando.

b) O segundo bloque agrupa os produtos do sector pesqueiro que están destinados a complementa-la insuficiente oferta nacional, tanto en cantidade como en calidade, competitividade e prezos. Do mesmo modo que no comercio de exportación é novamente o *sector pesqueiro* o que absorbe o maior volume das nosas importacións de produtos agroalimentarios; entre os capítulos 3 e 16 supoñen un 70% das importacións agroalimentarias totais, sendo, tamén, o seu peso no ámbito nacional moi significativo como o proba o feito de que entre estes dous capítulos abarcan arredor dun 45% do total das importacións nacionais do sector. O peixe conxelado é, unha vez máis, a principal partida de importación, representando en 1991 máis do 45% do total do capítulo 3.

CAP./PDTO.	1989	1990	1991	MEDIA	% S/TOTAL IMPORT.AGR.	% S/TOTAL NACIONAL ANO 91
03 Peixes, crustáceos e moluscos	53.677	61.991	73.003	62.890	65	27,82
23 Sbdptos. da industria alimentaria	10.057	8.636	9.657	9.450	10	12,44
10 Cereais	3.738	4.079	6.806	4.874	5	8,08
12 Sementes	5.595	3.938	6.767	5.433	5,5	8,08
16 Preparados de peixe, crust. e moluscoseos	3.332	3.945	4.499	3.925	4	16,65
<b>TOTAL</b>	<b>76.399</b>	<b>82.589</b>	<b>100.732</b>	<b>86.572</b>	<b>89,5</b>	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia.

**Cadro 5**

**ESTRUCTURA DAS IMPORTACIÓNS AGROALIMENTARIAS GALEGAS**

En canto ó *sector de cereais*, as importacións galegas caracterízanse por un forte incremento na importación de trigo aínda que, o principal capítulo de importación segue constituíndoo millo. No capítulo de cereais xa se empezan a observa-los efectos da aplicación da PAC<sup>13</sup>, manifestados na desviación das orixes; Estados Unidos, subministrador habitual de cereais a Galicia co 97% do mercado no ano 90, cedeu máis da metade da súa cota a países comunitarios, fundamentalmente Reino Unido e Francia.

**5. CONSIDERACIÓNS FINAIS**

A xeito de conclusión deste breve estudio do comercio exterior do sector agroalimentario galego cabe destaca-las consideracións seguintes:

— O déficit comercial da balanza agroalimentaria galega segue a tendencia crecente que se inicia coa incorporación de España á CEE.

— Os produtos pesqueiros e os seus transformados constitúen, hoxe por hoxe, o pfar básico do noso comercio exterior agroalimentario.

— O escaso peso dos produtos agrícolas e derivados é consecuencia da escasa industria transformadora existente neste sector así como da falta de competitividade motivada pola carencia de infraestructuras.

— En canto ás orixes e destinos dos nosos intercambios comerciais obsérvase con respecto ós últimos un elevado grao de concentración das nosas exportacións nos países comunitarios, mentres que no caso das importacións pouco máis da cuarta parte teñen a súa orixe na CEE.

— Existe unha desigual participación provincial no comercio exterior agroalimentario galego que coíndide coa distribución industrial da nosa Comunidade Autónoma, na que as provincias de Lugo e Ourense son marxinais, correspondéndolle a Pontevedra e A Coruña a maior actividade nos mercados exteriores.

— A circunstancia anterior reafirma a falta de infraestructuras productivas e comerciais nesta parcela do noso sector primario dado que, aínda que as provincias de Lugo e Ourense son consideradas tradicionalmente como agrícolas e gandeiras, obsérvase como o nivel de transformación nestes subsectores é tan baixo que a súa participación no comercio exterior é practicamente irrelevante.

**NOTAS**

1. Avaliación do Potencial do Desenvolvemento Endógeno de Galicia. Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDE-GA), 1992.
2. Avaliación do Potencial do Desenvolvemento Endógeno de Galicia. Instituto Universitario de

- Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDE-GA), 1992.
3. Elaborado a partir dos datos recollidos nos informes sobre o Comercio Exterior Galego realizados pola Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia, para os anos 88, 89, 90 e 91.
  4. Información facilitada pola Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia. Cifras non publicadas pendentes da elaboración do informe anual correspondente.
  5. Porcentaxe de importacións que é financiado polas exportacións.
  6. Elaborado a partir dos datos recollidos nos informes sobre o Comercio Exterior Galego realizados pola Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia, para os anos 88, 89, 90 e 91.
  7. Aínda que a súa significación sobre as exportacións agroalimentarias galegas é tan só do 12%.
  8. Como xa se mencionou, os datos correspondentes ó ano 92 son un avance do informe anual e non estaban dispoñibles de forma desagregada para os diferentes capítulos que integran o sector agroalimentario.
  9. Elaborado a partir dos datos recollidos nos informes sobre o Comercio Exterior Galego realizados pola Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia, para os anos 88, 89, 90 e 91.
  10. Elaborado a partir dos datos recollidos nos informes sobre o Comercio Exterior Galego realizados pola Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia, para os anos 88, 89, 90 e 91.
  11. A súa taxa de participación sobre o total das exportacións agrarias no ano 91 foi inferior ó 3%.
  12. Elaborado a partir dos datos recollidos nos informes sobre o Comercio Exterior Galego realizados pola Dirección Territorial de Economía e Comercio en Galicia, para os anos 88, 89, 90 e 91.
  13. Política Agraria Comunitaria.

## BIBLIOGRAFÍA

BODELÓN ALONSO, M. (1985): "El sector pesquero gallego y la integración española en la CEE", en: *Galicia ante el Mercado Común*. Santiago de Compostela: Ed. Nos.

COLINO SUEIRAS, J. (1985): "La integración de la agricultura gallega en la CEE: la competitividad de las producciones ganaderas", en *Galicia ante el Mercado Común*. Santiago de Compostela: Ed. Nos.

PÉREZ TOURIÑO, E. (1985): "La PAC y la evolución de las agriculturas de la CEE. Análisis de las estructuras productivas de la agricultura de Galicia dada la perspectiva de la integración", en *Galicia ante el Mercado Común*. Santiago de Compostela: Ed. Nos.

DIRECCIÓN TERRITORIAL DE COMERCIO DE GALICIA: *Comercio Exterior de Galicia. Informes 1989, 90 y 91*.

INSTITUTO DE ESTUDIOS E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA (IDE-GA) (1992): *Evaluación del Potencial de Desarrollo Endógeno de Galicia*. Xunta de Galicia.

SECRETARÍA DE ESTADO DE COMERCIO (1991): *Sector Exterior 1990*. Ministerio de Comercio e Turismo, Secretaría de Estado de Comercio.

STAPLETON, J. (1992): *Manual de Marketing Internacional*. Ed. Deusto.

XUNTA DE GALICIA (1991): *Estatística de Comercio Exterior, Galicia 1990*. Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda.